

Resumo do Traballo de Fin de Grao

Introdución:

Hoxe en día, cando desexamos buscar a ubicación dun lugar ou establecemento normalmente recorreremos a un dos dous xigantes da navegación, Google Maps ou Apple Maps. Nembargantes, estes dous servizos teñen un propósito xenérico que en ocasións pode distraer ao usuario do seu obxectivo inicial. Por iso, esta aplicación ten o propósito específico de mostrar os caixeiros cercanos que o usuario desexe no mapa.

Obxectivo:

O obxectivo principal deste TFG é o desenvolvemento dunha aplicación móbil para o sistema operativo Android que permita buscar todos os caixeiros dos bancos que o usuario desexe. Preténdese simplificar ao máximo esta tarefa, de maneira que o usuario poida engadir varios bancos ao seu perfil. Desta forma, con apenas dous clics, poderá ver o mapa de caixeiros mais cercanos e crear a ruta ao que desexe.

Descrición técnica:

O desenvolvemento desta aplicación levarase a cabo en Java (coa axuda do SDK de Android) para a parte lóxica e en XML para a interface, mediante o IDE Android Studio.

Proceso de desenvolvemento:

A metodoloxía elixida para o desenvolvemento deste TFG é o Proceso Unificado, xa que proporciona un entorno disciplinado e ben definido ó estar dirixido por casos de usos, centrado na arquitectura e ser iterativo e incremental. Se utilizará UML como linguaxe gráfica para visualizar, especificar, deseñar diagramas e documentar.